



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Cirurgía Podolóxica 2	Código	750G02030	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Profesorado	Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>A materia de Cirurxía Podolóxica 2 combina durante o 2º cuatrimestre do 3º curso de grao teoría e práctica co obxectivo xeral de situar o alumnado no marco conceptual das técnicas máis habituais en cirurxía podolóxica e as súas indicacións. A materia pretende achegar o estudantado a unha metodoloxía que lle permita establecer un diagnóstico e un prognóstico certos e recoñecer a aparición de complicacións na aplicación das técnicas cirúrxicas propias da súa disciplina. Dende o punto de vista práctico perséguese que o alumnado desenvolva unhas habilidades básicas.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A33	Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B9	Fomento dunha segunda lingua de interese para a profesión.
B13	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar.
B17	Capacidade de motivarse e motivar a outros.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñece as indicacións e a metodoloxía de aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ósea e articular do pé.	A33	B1	C1
		B3	C2
		B5	C6
		B6	
		B17	
		B19	



Coñece as técnicas de exploración, diagnóstico e tratamento dos tumores no pé.		B1 B3 B5 B6 B13 B19	C1 C3 C6
Coñece, valora e aplica o protocolo preoperatorio e o consentimento informado.		B1 B3 B6 B8 B9 B17 B19	C1 C3 C6
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.	A33		
O alumno identifica e diagnostica o nivel de risco dun pé patolóxico, adquire habilidade no manexo das técnicas de estudo e valoración do pé. É capaz de desenvolver o conxunto de tratamentos podolóxicos de acordo ao nivel de risco presente no pé e en correlación co equipo multidisciplinar	A33		

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE DIDÁCTICA 1. Introducción á cirurxía osteoarticular do antepé	TEMA 1. Conceptos e consideracións básicas en cirurxía osteoarticular
UNIDADE DIDÁCTICA 2. Tumores óseos	TEMA 2. Etioloxía e abordaxe cirúrxico da exostose subungueal (DOCENCIA EN INGLÉS) TEMA 3. Etioloxía e abordaxe cirúrxico do osteocondroma
UNIDADE DIDÁCTICA 3. Alteracións dixitais	TEMA 4. Etioloxía da deformidade dixital TEMA 5. Tratamento cirúrxico das deformidades dixitais, dixito-metatarsales



UNIDADE DIDÁCTICA 4. Hallux abductus valgus	TEMA 6. Fisiopatoloxía da deformidade do hallux abductus valgus TEMA 7. Avaliación precirúrxica TEMA 8. Radioloxía e goniometría TEMA 9. Técnica anestésica TEMA 10. Disección anatómica da primeira articulación metatarsofalánxica TEMA 11. Técnicas cirúrxicas distais TEMA 12. Técnicas cirúrxicas diafisarias TEMA 13. Técnicas cirúrxicas proximais TEMA 14. Técnicas cirúrxicas falánxicas TEMA 15. Procedementos sobre partes brandas TEMA 16. Artrodese metatarsofalánxica TEMA 17. Artrodese cuneo-metatarsal TEMA 18. Artroplastías
UNIDADE DIDÁCTICA 5. Tratamento cirúrxico do hallux rigidus	TEMA 19. Implantes e hemiimplantes da primeira articulación metatarsofalánxica
UNIDADE DIDÁCTICA 6. Complicacións postoperatorias en cirurxía do antepé	TEMA 20. A infección, complicacións en cirurxía osteoarticular e cirurxía de partes brandas
UNIDADE DIDÁCTICA 7. Fascite plantar	TEMA 21. Fisiopatoloxía e abordaxe cirúrxica
UNIDADE DIDÁCTICA 8. Pé plano e pé cavo	TEMA 22. Etioloxía e abordaxe cirúrxico
UNIDADE DIDÁCTICA 9: Artroscopia de pé e nocello	TEMA 23. Introducción á artroscopia. Principais indicacións e contra-indicacións.
UNIDADE DIDÁCTICA 10: Cirurxía das anomalías conxénitas e neuromas	TEMA 24. Etioloxía e abordaxe cirúrxico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B5 B6 B8 B9 B13 B19 C1 C2 C3 C6	10	27	37
Prácticas de laboratorio	B5 B6 B8 B9 B19 C1	9	10	19
Seminario	B1	17	15	32
Traballos tutelados	B3 B5 B8	6	17	23
Proba de ensaio	A54 B3	2	2	4
Proba obxectiva	A33 B17	2	32	34
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistrais desenvolveranse como clases expositivas-participativas con importante apoio audiovisual. Nas sesións maxistrais traballarase con vocabulario en inglés e o tema 2 (&quot;Etioloxía e abordaxe cirúrxica da exóstosis subungueal&quot;) será impartido neste idioma e nel o alumno deberá empregar o inglés nas actividades que se desenvolvan na aula. Periodicamente realizaranse controis de asistencia a clase.</p> <p>A través da plataforma moodle (https://campusvirtual.udc.es/moodle/) ofreceranse materiais para apoiar os contidos básicos do temario así como material para traballar na aula e fóra dela. Tamén se poderá colgar material de apoio na páxina web www.foroactua.com</p> <p>NOTA:</p> <p>Según normativa da UDC (http://www.udc.es/comunicacion/novas/2012/05/nota_prensa_20120529.html) aqueles estudantes con matrícula a tempo parcial terán dereito preferente a elixir quenda cando haxa dúas ou máis grupos con horarios diferentes nunha determinada materia e a un réxime de asistencia a clase de carácter flexible.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatorias na súa totalidade e o seu obxectivo xeral é que o alumno/a desenvolva unhas habilidades básicas no manexo do instrumental cirúrxico e coñeza o protocolo prequirúrgico da Clínica Universitaria de Podoloxía da UDC.</p> <p>A ausencia a ditas prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas, debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 10 días da ausencia ao profesor da materia), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 5 prácticas, un número maior de faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas pode supor o suspenso da materia.</p> <p>A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 10 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 10 días de antelación. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 3 ausencias a prácticas de laboratorio son:</p> <ul style="list-style-type: none">-Congreso nacional de Podoloxía-Xornadas galegas de Podoloxía-Congresos internacionais de Podoloxía-Congreso de estudantes de Podoloxía-Xornadas Laboralia-Outras actividades que poidan ser valoradas polo profesor da materia <p>O alumno deberá asistir á práctica de laboratorio incorporándose ao grupo que lle foi asignado. Realizarase control de asistencia nas que o alumno/a debe de asinar ao comezo da práctica. A firma é a garantía da asistencia do alumno/a a práctica polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta á práctica de laboratorio. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao profesor da materia antes de pasados 10 días desde a ausencia. A puntualidade a prácticas é de obrigado cumprimento polo que as faltas reiteradas de puntualidade serán penalizadas pudiendollegar a supor o suspenso da materia.</p> <p>AVISO: É requisito imprescindible acudir ás mesmas con bata ou pixama branco, bolígrafo e bloc de notas.</p>
Seminario	<p>Nos seminarios traballaranse aspectos específicos do temario mediante o desenvolvemento de actividades en grupo que servirán para aprofundar nos contidos da materia. Traballarase ademais con textos en inglés e castelán indistintamente. O traballo realizado en cada un dos seminarios reflectirase coa entrega dunha actividade individual ou en grupo.</p> <p>As actividades relacionadas cos seminarios son obrigatorias na súa totalidade e non poden recuperarse ou ser substituídas por outra actividade da materia. Ademais, é necesario alcanzar a metade da puntuación total destinada aos seminarios para superar a materia. En caso de non logralo, na convocatoria de xullo o alumnado deberá responder 10 preguntas de tipo test relacionadas coas diferentes temáticas abordadas nos seminarios.</p>



Traballos tutelados	Realizarase e exporá na aula un traballo tutelado obrigatorio en grupo relacionado con algún dos apartados do temario. As pautas para a súa realización así como a data de entrega e exposición detallarase o día da presentación da materia e anunciarase na plataforma virtual da UDC. Na súa exposición e/ou elaboración o alumno/a deberá utilizar o inglés. Na cualificación do traballo considerarase: Comprensión do tema tratado, rigor científico, capacidade de síntese e de crítica e adecuación da bibliografía consultada
Proba de ensaio	Dos temas tratados nos contidos que indique o profesor realizarase unha proba individual de ensaio/desenvolvo ao finalizar cada un deles que ten por obxecto valorar a capacidade de razoamento, creatividade e espírito crítico do alumno. Esta proba cualificarase con 0 ou 1 punto en función de que se superen ou non as probas de ensaio-desenvolvo que se realicen ao longo do curso: -Entre o 70 e o 100% de probas superadas = 1 pto -Entre o 50 e o 70% de probas superadas = 0,5 ptos -Menos do 50% de probas superadas = 0 ptos É necesario obter polo menos 5 puntos de 10 posibles para superar cada proba de ensaio. As pautas para a súa realización daranse o día da presentación da materia.
Proba obxectiva	Realizarase unha proba obxectiva de 50 preguntas tipo test Esta proba poderá incluír cuestións relacionadas cos contidos tratados nas sesións maxistrais, con casos clínicos vistos na aula, coas prácticas de laboratorio, cos seminarios e con aqueles temas de interese que o profesor indique e que deberán ser traballados polo alumnado. O día da súa realización facilitarase a información relativa á puntuación das preguntas. É necesario obter polo menos 5 puntos de 10 posibles para superar a proba obxectiva.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Sesión maxistral Prácticas de laboratorio Traballos tutelados	A atención personalizada que se describe en relación con estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesorado de forma presencial ou virtual. A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade serán indicados ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	B1	A realización e exposición na aula das actividades relacionadas cos seminarios son obrigatorias na súa totalidade e non poden recuperarse ou ser substituídas por outra actividade da materia. É necesario obter cando menos unha puntuación de 5 sobre 10 puntos posibles na súa realización e exposición. Na cualificación dos seminarios considerarase: Comprensión do tema tratado, rigor científico, capacidade de síntese e de crítica e adecuación da bibliografía consultada. As pautas para levar a cabo as actividades e expoñelas daranse o día de presentación da materia e anunciaranse na plataforma virtual da UDC.	5
Sesión maxistral	B5 B6 B8 B9 B13 B19 C1 C2 C3 C6	A asistencia e participación nas sesións maxistrais cualificarase con 0 ou 0,5 puntos en función de que se obteña a presenza e participación na maior parte dos controis periódicos que se realicen ao longo do curso: -Entre o 70 e o 100% da asistencia e participación activa na aula = 0,5 ptos -Entre o 50 e o 70% da asistencia e participación activa na aula = 0,25 ptos -Menos do 50% da asistencia e pouca ou nula participación na aula = 0 ptos	5



Prácticas de laboratorio	B5 B6 B8 B9 B19 C1	<p>A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria na súa totalidade (control de asistencia) para superar a materia.</p> <p>Os 2 últimos días do programa práctico destínanse á realización dunha proba teórico-práctica na que se debe obter polo menos unha puntuación de 5 sobre 10 puntos posibles.</p>	10
Proba de ensaio	A54 B3	<p>Dos temas tratados nos contidos que indique o profesor realízase unha proba individual de ensaio/desenvolvo ao finalizar cada un deles co obxectivo de valorar a capacidade de razoamento, creatividade e espírito crítico do alumno.</p> <p>Esta proba cualifícase con 0 ou 1 punto en función de que se superen ou non as probas de ensaio-desenvolvo que se realicen ao longo do curso:</p> <ul style="list-style-type: none">-Entre o 70 e o 100% de probas superadas = 1 pto-Entre o 50 e o 70% de probas superadas = 0,5 pto-Menos do 50% de probas superadas = 0 pto <p>É necesario obter polo menos 5 puntos de 10 posibles para superar cada proba de ensaio.</p> <p>As pautas para a súa realización daranse o día da presentación da materia.</p>	10
Traballos tutelados	B3 B5 B8	<p>Realízase e exporá na aula un traballo tutelado obrigatorio en grupo relacionado con algún dos apartados do temario. As pautas para a súa realización así como a data de entrega e exposición detallárase o día da presentación da materia e anunciarase na plataforma virtual da UDC. Na súa exposición e/ou elaboración o alumno/a deberá utilizar o inglés.</p> <p>Na cualificación do traballo tutelado considerárase: Comprensión do tema tratado, rigor científico, capacidade de síntese e de crítica e adecuación da bibliografía consultada.</p> <p>É necesario obter polo menos 5 puntos de 10 posibles na súa realización e exposición.</p>	10
Proba obxectiva	A33 B17	<p>Realízase unha proba obxectiva de 50 preguntas tipo test</p> <p>Esta proba poderá incluír cuestións relacionadas cos contidos tratados nas sesións maxistras, con casos clínicos vistos na aula, coas prácticas de laboratorio, cos seminarios e con aqueles temas de interese que o profesor indique e que deberán ser traballados polo alumnado. O día da súa realización facilitarase a información relativa á puntuación das preguntas. É necesario obter polo menos 5 puntos de 10 posibles para superar a proba obxectiva.</p>	60

Observacións avaliación



Para superar a materia é necesario: Lograr a metade da puntuación en cada unha das metodoloxías que computan na avaliación e que son de realización obrigatoria. Ademais é necesario asistir á totalidade das prácticas de laboratorio e realizar e expor as actividades relacionadas cos seminarios e cos traballos tutelados. En caso de non alcanzar a nota mínima nos seminarios durante o curso académico o alumno deberá presentar na convocatoria de xullo todas as tarefas realizadas nos mesmos durante o curso académico para lograr como máximo a puntuación mínima destes.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursasen polo menos unha vez a materia e realizado as prácticas obrigatorias de forma completa coa cualificación de apto deben de ter en conta que poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a un exame teórico final tendo en conta que a cualificación do exame suporá o 100% da cualificación da materia.

Os alumnos con matrícula parcial: poderán obter a cualificación da materia coa modalidade ordinaria ou modalidade na que a proba obxectiva supón o 80% da cualificación e o outro 20% un exame práctico que se realizará o mesmo día da proba obxectiva ao finalizar a mesma. Nesta modalidade será obrigatorio superar ambas as partes para superar a materia.

Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse á proba obxectiva cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.

A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame nin a ningunha das prácticas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega nos seminarios-talleres e prácticas fose significativa.

NOTA: non se atenderán reclamacións relacionadas coas puntuacións obtidas nas diferentes probas por correo electrónico ou calquera outro medio non presencial.

Fontes de información

Bibliografía básica	1. Banks AS. Mc Glamry's comprehensive textbook of foot and ankle surgery. 3ª ed. Philadelphia: Lippincott-Williams & Wilkins; 2001. 2. Chang TJ. Técnicas en cirugía ortopédica. Pie y tobillo. Madrid: Marban; 2006. 3. Gerbert J. Textbook of bunion surgery. 3ª ed. Philadelphia: WB Saunders company; 2001. 4. Hetherington VJ. Hallux valgus and forefoot surgery. New York: Churchill Livingstone; 1994. 5. Izquierdo Cases JO. Podología Quirúrgica. Madrid: Elsevier; 2006. 6. Mercado OA. Atlas de cirugía del pie. Madrid: Federación española de podólogos; 1995. 7. Kelikian AS. Sarrafian's anatomy of the foot and ankle. 3ª ed. Philadelphia: Lippincott-Williams&Wilkins; 2011. 8. García Carmona FJ. Patología y cirugía ungueal. Barcelona: Ediciones Mayo; 2008. 9. Guía práctica de protocolos quirúrgicos en Podología. Comisión de formación del Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos; 2009. 10. Fernández Mallo O. Manual para personal del bloque quirúrgico. 2ª ed. Complejo Hospitalario Universitario A Coruña; 2009.
Bibliografía complementaria	1. Coughlin MJ. Pie y tobillo. Madrid: Marban; 2011. 2. Johnson KA. Pie y tobillo. Madrid: Marban; 1998. 3. Kelikian AS. Tratamiento quirúrgico de pie y tobillo. Madrid: McGraw-Hill Interamericana; 2001. 4. Barouk LS. Reconstrucción del antepie. 2ª ed. Bordeaux: Amolca; 2008. 5. Nunley JA. Advanced reconstruction. Foot and ankle. 2ª ed. Rosemont: American Academy of Orthopaedic Surgeons; 2007. 6. Pfeffer GB. Foot and ankle surgery. Operative techniques. Philadelphia: Saunders Elsevier; 2010.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía específica do membro inferior/750G02002
 Biomecánica do membro inferior/750G02013
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021
 Patoloxía Podolóxica 2/750G02022
 Quiropodoloxía 1/750G02027
 Quiropodoloxía 2/750G02028

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Cirugía Podolóxica 1/750G02029

Materias que continúan o temario



Prácticum 1/750G02033

Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

Observacións

Recoméndase ter coñecementos de inglés. Nas sesións maxistrais

traballarase con vocabulario en inglés e os temas 2 e 11 (incluídos nas unidades didácticas 2 e 4) serán impartidos nesta lingua e en eles o alumnado deberá empregar o inglés. Ademais o alumnado deberá usar o inglés en polo menos un dos traballos tutelados.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías